
RESUMO: PROTOCOLO
TRATAMENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO CON
TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA)

INTRODUCCIÓN

As manifestacións do TEA, enmarcado dentro dos trastornos do neurodesenvolvemento e do funcionamento cerebral, son **particulares de cada nena e de cada neno**, sí existen unhas características comúns para todas esas persoas. En todos os casos presentan ***dificultades na comunicación e na interacción coas demais persoas, por ter afectadas as habilidades para comunicarse e para relacionarse***. E na maioría dos casos, esas ***dificultades afectanlle á capacidade para anticiparse e para adaptarse ás realidades do contorno, debido aos patróns restrinxidos e repetitivos de intereses, comportamentos e mesmo actividades***.

Este trastorno, inflúen a maneira en que as persoas con TEA perciben e interpretan a realidade e como se relacionan.

Este **PROTOCOLO PARA O TRATAMENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO** pretende ser unha ferramenta de uso para profesionais do ensino e para as familias, pretende establecer o camiño que se debe seguir desde a aparición dos primeiros indicios e procura, tamén, orientar a intervención educativa que se debe realizar por todas as persoas que participan na educación dese alumnado.

DEFINICIÓN

O DSM-5 2 sitúa o trastorno do espectro do autismo entre os trastornos do neurodesenvolvemento, que ten como **características principais**:

- a) Deterioración persistente da comunicación social recíproca e da interacción social.
- b) Patróns de conduta, intereses ou actividades restritivos e repetitivos. Indica tamén que “eses síntomas están presentes desde a primeira infancia e limitan ou impiden o funcionamento cotián”.

INTERVENCIÓN EDUCATIVA

A intervención educativa, que non pode descoidar o proceso avaliativo, será necesario facela nos seguintes niveis:

1. Alumnado

A intervención educativa centrada no alumnado con TEA debe ter en conta:

- a) A súa colocación na aula preto das fontes de información (da persoa docente, do encerado, etc.), tratando de evitar posibles elementos de distracción (ruído nos corredores, luces escintilantes, zonas de paso para papeleira, etc.).
- b) A eliminación da hiperestimulación visual (excesos de debuxos, mapas, etc.), evitando que poida actuar como elemento de distracción.
- c) A atribución de significado a accións que non son intencionais para facelas funcionais (parar diante dun obxecto e miralo, mirar cara a algo, etc.).
- d) O uso dun horario individual onde figuren, de forma visual, a área ou materia e quen a imparte.
- e) O rexistro nunha axenda das tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, garantindo a coordinación do profesorado e da familia.
- f) O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
- g) O uso de pautas comúns para todos os profesionais.
- h) O uso axeitado dos recursos tecnolóxicos (TIC), polo seu potencial para decodificar unha información, para estimular as distintas vías sensoriais e para motivar, todo o que facilita o procesamento cognitivo.
- i) O uso de explicacións adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento e estratexias de encadeamento cara atrás (apoio total ao principio e ir retirando os apoios paulatinamente).
- l) O uso dun sistema de comunicación (PECS, Comunicación Total, etc.) no caso do alumnado que o estea a utilizar. Para isto é necesario a coordinación coa familia e cos servizos ou asociacións que lle estean prestando apoio ao alumnado.
- m) O desenvolvemento de habilidades motoras finas e grosas, utilizadas para o desenvolvemento de actividades funcionais apropiadas á súa idade.
- n) O desenvolvemento de habilidades de organización independente e outros comportamentos que son a base do éxito en aulas de educación ordinaria (por exemplo, realizar unha tarefa de forma independente, seguir instrucións grupais, pedir axuda, etc.).
- ñ) O reforzamento do desenvolvemento dos “puntos fortes” do alumnado con TEA, xa que fomentan a mellora da autoestima e a consideración por parte do profesorado e dos compañeiros e das compañeiras.

o) Un currículo que potencie o desenvolvemento das funcións cognitivas, que lle permitirán acceder ao mundo social (comunicación social -adaptación da comunicación ao contexto e áspersoas, competencias lingüísticas semánticas e pragmáticas-, habilidades mentalistas -capacidade para “ler as mentes”-, habilidades sociais -imitación, iniciativas e resposta social a adultos e iguais-, xogo paralelo e interactivo con iguais, etc.), regulación emocional, xogo e imaxinación e flexibilidade e adaptación aos cambios.

p) A vixilancia e atención que hai que prestar a posibles situacións de abusos, acoso, etc., xa sexa por informacións do propio centro xa por informacións facilitadas polas familias.

Profesorado

A **totalidade do profesorado**, tanto o profesorado tutor coma o resto do equipo docente, debe partir dunbocoñecemento da realidade do alumno ou da alumna con TEA e das orientacións que figuran no seu**INFORME PSICOPEDAGÓXICO**, para deseñar unha intervención educativa orientada á promoción das aprendizaxes necesarias para a comunicación, a interacción social e o desenvolvemento curricular.

O profesorado tutor, coa colaboración da xefatura do departamento de orientación, debe actuar como nexos na coordinación -tamén no caso de escolarizacións combinadas, sexan no propio centro sexan entre centros distintos- do equipo docente do centro, do persoal non docente e da propia familia, que deberán estar informados de todos aqueles aspectos e pautas de actuación que inflúan no adecuado desenvolvemento do alumno ou da alumna.

Igualmente, a xefatura do departamento de orientación, en colaboración co profesorado tutor e cos distintos axentes, debe velar pola realización dunseguimento permanente da intervención educativa. Pola súa parte, aínda sen ter a consideración de equipo docente, o EOE tamén forma parte do proceso de asesoramento ao profesorado que atende un alumno ou unha alumna, así como á súa familia.

Aula

A aula é o espazo por excelencia para a intervención educativa, onde conviven, enriquecéndose, a atención á diversidade e a inclusión educativa.

En consecuencia, a atención dentro da aula ao alumnado con TEA debe considerar:

a) A oferta dun ambiente moi estruturado, predicible e fixo, onde o neno ou a nena saiba en todo momento o que vai acontecer.

b) As estratexias comunicativas que utiliza, os aspectos que se quer traballar e as axudas que precisa, tratando de potenciar ao máximo a autonomía persoal.

c) A distribución do espazo en diferentes zonas, onde estea clara a actividade que se desenvolve en cada unha e os materiais que se utilizan. Se fose preciso, crearase un espazo libre de distraccións para realizar as tarefas.

d) A axuda permanente de elementos visuais comprensibles, recomendándose o uso do mesmo sistema pictográfico en todos os ámbitos onde se desenvolve o neno ou nena.

e) Que se proporcionen ou anticipen indicacións axeitadas e comprensibles do que vai acontecer.

f) A promoción de valores de convivencia, comprensión e respecto polas diferenzas e colaboración no grupo/clase.

g) A utilización de estratexias baseadas na aprendizaxe sen erro, motivadoras e que eviten a dependencia excesiva.

h) A redución ou eliminación dos elementos de distracción, procurando un ambiente de traballo que facilite a concentración.

i) A utilización dunha linguaxe clara, precisa (de poucas palabras) e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías. As bromas deberán ser traballadas previamente.

l) A promoción do traballo colaborativo (con grupos reducidos), dando consignas claras do que se vai traballar.

m) A axuda permanente por parte do profesorado titorna organización das tarefas que, de ser o caso, leve para a casa, así como na organización da axenda e dos materiais que precise para cada tarefa, sempre en colaboración coa familia.

n) O uso de esquemas e mapas conceptuais como apoio ás explicacións, resaltando o relevante. ñ) A presentación das tarefas unha vez captada a atención do alumno ou da alumna.

o) A utilización de estratexias de moldeamento por parte do profesorado, coidando o encadeamento das situacións ou propostas de aprendizaxe.

p) A descomposición das actividades en pequenos ítems, con uso de apoios visuais que informen dos pasos que cómpre dar para realizar a tarefa.

q) O uso de sinais acústicos e visuais para a estruturación dos tempos na aula (de traballo, de descanso, de lecer cando son pequenos ou pequenas, de asemblea, etc.).

r) A atención aos problemas no procesamiento sensorial, tanto por hipersensibilidade como por hiposensibilidade ou por dificultades na integración da información sensorial (auditiva, visual, vibro-táctil, vestibular, nocicepción -percepción da dor-, etc.).

s) A garantía de que se comprenden as ordes e normas xerais da aula, o que, ás veces, require dirixirse explicitamente ao alumnado e adaptarse ao seu nivel de comprensión.

ORIENTACIÓNS PARA O CURRÍCULO:

A personalización da intervención educativa co alumnado con TEA require un currículo adaptado ás necesidades que presenta, ás súas potencialidades, ao seu ritmo e estilo de aprendizaxe. En todo caso, os axustes no currículo deben tratar de:

- a) Dar prioridade aos contidos que fan referencia aos aspectos comunicativos, xa sexan verbais ou non verbais, e ás competencias de tipo social.
- b) Promover aprendizaxes funcionais, encamiñadas a lograr a maior autonomía posible.
- c) Introducir, no caso do alumnado que non posúe comunicación oral, a aprendizaxe dun sistema aumentativo/alternativo de comunicación.
- d) Prestar especial atención aos seguintes **CAMPOS DE INTERVENCIÓN:**

1. Comunicación: A intervención no ámbito da comunicación debe tratar de:

- Fomentar a intención comunicativa.
- Ampliar o repertorio de funcións comunicativas que o alumnado emprega.
- Favorecer a comprensión verbal e non verbal.
- Potenciar un uso espontáneo das súas habilidades comunicativas.
- Propiciar a coherencia do instrumento a través do cal se comunica un alumno ou unha alumna (linguaxe oral, xestual, pictogramas, etc.), tanto dentro do propio centro como nos ámbitos familiar e social, sempre partindo do aproveitamento da comunicación efectiva de que dispoña o alumno ou a alumna. A promoción do ámbito da comunicación debe realizarse tendo en conta os seguintes aspectos:
- No caso de empregar un sistema de comunicación aumentativo ou alternativo, promover sempre a produción oral simultánea.
- Ao deseñar a intervención, partir sempre do nivel lingüístico amosado polo alumnado, secuenciando as tarefas segundo o desenvolvemento evolutivo propio na adquisición da linguaxe oral.

Na avaliación do nivel lingüístico amosado polo neno e pola nena, centrarse nos seguintes aspectos:

- Intención comunicativa.
- Funcións comunicativas que posúe e emprega.
- Modalidade a través da cal se comunica (signos, xestos, pictogramas, fotos, vocalizacións, etc.).
- Centros de interese sobre os que se comunica, vocabulario que usa.
- Frecuencia e espontaneidade coa que se comunica.
- Nivel de comprensión verbal e non verbal.
- No caso de posuírlinguaxe oral, nivel de calidade formal das súas producións (nivel fonético-fonolóxico e morfosintaxe) e literalidade da linguaxe.
- No alumnado de alto funcionamento cognitivo non adoitan estar alterados os compoñentes fonético, fonolóxico e morfosintáctico, polo que a intervención centrarase nos aspectos pragmáticos, así como na prosodia e na propia semántica.

2. Socialización: A intervención no ámbito da socialización debe partir dunha avaliación do tipo de interaccións que o neno ou a nena amosa, e estará dirixida a ensinarlles aos nenos e ás nenas con TEA habilidades como:

- Comprender as situacións sociais.
- Responder ás iniciativas sociais das demais persoas (nenos e nenas e adultos).
- Iniciar condutas sociais dirixidas a estes, mesmo as destinadas a reducir as condutas de tipo repetitivo e estereotipado.
- Inferir os estados mentais das outras persoas (pensamentos, sentimentos, etc.).
- Regulación emocional, recoñecendo e comprendendo as emocións propias e as das demais persoas.

☐ Algunhas técnicas que se poden empregar para aumentar a competencia social do alumnado con TEA son:

- Historias sociais e conversacións en forma de historieta.
- Guións sociais.
- Regras sociais.

☐ Estratexias que poden axudar no proceso de socialización deste alumnado son:

- Empregar diferentes tipos de agrupamentos: por parellas, pequeno grupo, etc., e combinalos con outros momentos de traballo individual.
- Facilitar a outros compañeiros ou compañeiras pautas de relación co alumnado ou coa alumna con TEA (tutoría dun compañeiro ou dunha compañeira).
- Traballar especificamente competencias sociais, a través dalgunha das técnicas expostas anteriormente.
- Fomentar a realización de actividades de tipo colectivo.
- Aproveitar os puntos fortes do alumnado (habilidades especiais, información sobre certos temas do seu interese, etc.), para organizar situacións de aprendizaxe colaborativa.
- Traballar con toda a clase habilidades sociais promotoras dos valores de respecto, solidariedade, tolerancia, etc.

3. **Funcións executivas:** En parte, as dificultades de aprendizaxe que están presentes nos nenos e nenas con TEA poden ser explicadas polo déficit que presentan na función executiva. Nesta están implicadas capacidades relacionadas co autocontrol para: atender, razoar, memorizar (especialmente memoria de traballo), organizarse e planificar o proceso necesario para alcanzar a meta e regular a conduta. Posibles ferramentas para axudar a este alumnado a mitigar estes déficits son o emprego de axendas -que lle axudan a recordar e organizar o traballo- e os paneis de anticipación, con finalidade similar. Tamén son importantes a descomposición das tarefas en pasos ordenados, as estratexias de organización temporal e as normas de aula e centro explícitas en soporte visual.

4. **Coherencia central:** A limitación para extraer as ideas centrais dun texto, dunha experiencia, dunha película, etc. dificulta a realización de resumos, redaccións, comentarios de texto; é dicir, a súa comprensión. De aí que todo isto deba terse en conta nas tarefas de aprendizaxe diarias e na propia avaliación.

5. **Xogo e simbolización:** No trastorno do espectro do autismo son moi frecuentes as alteracións no xogo, especialmente a nivel de xogo simbólico. Todos e todas pasan por unha serie de estadios na adquisición das habilidades de xogo, polo que o punto de partida da intervención debe vir dado polo estadio de xogo no que se atopa o neno ou a nena, considerando:

- Exploración de obxectos.
- Aprendizaxe e desenvolvemento de xogo funcional.
- Substitución das funcións de partes de obxectos, mesmo dos propios obxectos.

- Aprendizaxe e desenvolvemento do xogo simbólico.
- Aprendizaxe e desenvolvemento do xogo social.

6. Habilidades motoras: Frecuentemente, o alumnado con TEA presenta torpeza motora nos diferentes estadios do desenvolvemento, tanto na coordinación motora ampla como na modulación sensorial que implica forza ou destreza ou manutrición fina, presentando, por exemplo, disgrafía.

En consecuencia, eses aspectos deben estar presentes no desenvolvemento curricular das diferentes áreas ou materias, así como nos seus procesos de avaliación.

Realizar unha **INTERVENCIÓN** que considere os seguintes **PRINCIPIOS**:

1. Establecemento dunha relación positiva.

2. Estruturação do contorno: Debe proporcionárlle a este alumnado unha ensinanza o máis estruturada posible, na que serán claves as rutinas, os horarios, as axendas individualizadas ou a organización física dos materiais. Destexito facilitárlle a comprensión do que sucede no presente e axudaráselle a entender o que vai a acontecer no futuro.

3. Individualización: A intervención educativa para co alumnado con TEA debe ter un carácter moi individual, axustada á severidade e singularidade das súas alteracións.

4. Asegurar a comprensión: Tratamento educativo do alumnado con TEA

A comprensión do que sucede na aula verase favorecida con **ACTUACIÓNS** como:

- Situar o alumnado lonxe de fontes de ruído, veñan da rúa ou do corredor externo á aula.
- Situar a súa mesa lonxe de colgadoiros, armarios, papeleiras, etc., que dan lugar a que se poida distraer con facilidade.
- Seleccionar só o material necesario para a tarefa de cada momento.
- Sentar o alumno ou a alumna nas primeiras filas, facilitando a súa atención cara aos estímulos máis relevantes.
- Establecer, cando proceda, tarefas de traballo independente, para promover aprendizaxes específicas.
- Nos momentos en que a distribución das mesas é en grupo, sentar o alumno ou a alumna ao carón de nenos e nenas especialmente colaboradores ou cos que comparte intereses iguais ou semellantes.
- Comunicar con antelación posibles cambios na distribución das mesas.
- Axustar o nivel da linguaxe á comprensión lingüística amosada polo alumnado.

- Acompañar a linguaxe oral con apoios visuais.
- Dar instrucións e consignas claras, directas e simples para a realización das tarefas, empregando diferentes canles de entrada (visual, auditiva, táctil) para presentalas.

5. Aprendizaxe sen erro:

Hai que organizar as tarefas de xeito que sexan resoltas con éxito polo alumnado. Para que iso suceda recoméndase:

- Establecer tarefas adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento.
- Dividir as tarefas noutras máis pequenas, establecendo pasos intermedios.
- Seleccionar tarefas en función dos intereses amosados polo alumnado.
- Proporcionar a axuda necesaria en cada momento, reducíndoa paulatinamente.

6. Proporcionar aprendizaxes funcionais e facilitar a súa xeneralización:

A funcionalidade das aprendizaxes é condición necesaria para promover a súa adquisición por parte do alumnado. En consecuencia, a oferta de tarefas relacionadas co contorno e coa vida real, que contemplan as habilidades ou destrezas que facilitan a súa execución, permitirá acadar aprendizaxes significativas e facilitará a súa xeneralización a outros contextos e situacións; aspectos nos que se considera imprescindible a colaboración familiar.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS, considerando:

- A adaptación das actividades que se propoñen ás características do neno ou da nena, o que se facilita con estratexias como:
 - Introducir actividades alternativas ás establecidas para o grupo-clase.
 - Reducir o nivel de complexidade das actividades, e que teñan un principio e un fin claros.
 - Flexibilizar o tempo do que se dispón para realizar as actividades.
 - Reforzar os pasos intermedios de realización, dividindo as tarefas en partes máis pequenas.
- Controlar o volume do ton de voz e a expresión facial do profesorado, dirixíndose ao alumnado de forma individual.
- Establecer as tarefas cunha alta estruturación. Isto supón indicarlle de forma clara o traballo que debe facer, que tarefas debe completar, en que orde, cando rematará por completo a tarefa, etc.
- Empregar reforzadores suficientemente poderosos e recoñecer pequenos logros adquiridos, para manter motivado o alumnado.

- Apoiocondutual positivo

AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON TEA

A avaliación do alumnado con TEA terá un carácter continuo (inicial, procesual e sumativo ou final), ademais de formativo; é dicir, estenderase ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe e servirá de axuda para ir valorando aspectos como a suficiencia ou insuficiencia das axudas e apoios prestados, a idoneidade e funcionalidade dos recursos utilizados, así como outros aspectos que son susceptibles de axuste ou mellora (distribución de espazos, mobiliario, etc.).

En definitiva, a avaliación debe servir para obter información acerca do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e, de ser o caso, como mellorar as actuacións profesionais da ensinanza ante as necesidades do alumnado.

A valoración do proceso educativo debe facerse, tamén, a nivel do propio centro educativo no seu conxunto, avaliando en que medida se dá a resposta educativa máis axeitada ao alumnado con TEA. En consecuencia, deben analizarse aspectos como: adecuación de espazos, organización de apoios, idoneidade do material existente, nivel de coordinación entre os diferentes profesionais que traballan con este alumnado, etc.

Na avaliación inicial, así como na propia avaliación psicopedagóxica, un dos aspectos importantes sobre o que indagar é o relativo aos centros de interese do alumno ou da alumna, xa que á hora de establecer os procesos de ensino-aprendizaxe poderanse adaptar as tarefas e actividades, para que sexan o máis funcionais e motivadoras posibles.

A avaliación debe ser variada, atendendo tanto aos aspectos instrutivos como aos formativos, e debe contar cos recursos e co tempo que o alumnado necesite. E os seus resultados deben centrarse nos aspectos positivos, resaltando aquilo que o alumno ou a alumna é capaz de facer ou foi adquirindo, por pequeno que sexa, sen centrarse exclusivamente nas súas dificultades.

Nela estarán implicados todos os profesionais que atenden ao alumnado: profesorado titor, profesorado de área ou materia, especialistas, etc., respectando o establecido na normativa que regula a avaliación das distintas etapas.

Hai dous aspectos nos que se debe incidir especialmente, polo seu carácter vehicular para lograr outras aprendizaxes e pola súa incidencia na evolución do alumnado: a comunicación e a interacción social.

-
- Con respecto a primeira, avaliarase non só a linguaxe oral, senón outros aspectos como a intención comunicativa amosada e as funcións comunicativas que posúe o alumnado. Para a avaliación da linguaxe oral poden empregarse diversos instrumentos, entre os que destacan os rexistros das mostras da linguaxe espontánea, en contextos naturais e en diferentes situacións.
 - No referido as interaccións sociais, é preciso valorar as relacións establecidas co profesorado, cos seus compañeiros e compañeiras e coa propia familia. Para isto, un instrumento moi adecuado pode ser a observación das condutas interactivas do alumnado en contextos naturais.

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos e alumnas con TEA require de formas e instrumentos diferentes, que teñan en conta as súas dificultades de xeneralización das aprendizaxes, a súa baixa tolerancia á frustración, o desfase que pode darse en certas áreas ou materias, as súas dificultades na comprensión e a expresión oral e escrita.

Para o alumnado que non precisa modificacións significativas do currículo (adaptación curricular) recoméndase:

- Realizar tarefas ou exames curtos e concretos, permitíndolle ao alumnado realizalas, de ser necesario, en máis dunha sesión.
- Establecer os exames con preguntas pechadas (verdadeiro/falso, opción múltiple), de completar ou de resposta curta. Nas preguntas que deben desenvolverse, deixar espazo suficiente para que este non sexa un problema.
- Empregar preguntas con enunciados curtos, precisos e claros, separando debidamente unhas preguntas doutras.
- Nalgúns casos, dadas as dificultades na escrita deste alumnado, permitir a realización dos exames de xeito oral ou a través do ordenador.
- Permitir a presentación de traballos en soporte dixital.
- Promover o emprego de reloxos adaptados para controlar o paso do tempo, no caso de ser necesario.
- Observar e abordar os posibles bloqueos, distraccións ou “desconexións”, ofertando as axudas que precise.
- Recordarlle que pode saltar unha pregunta se non a sabe.
- Asumir os erros de presentación como algo non avaliable, xa que moitos destes nenos e nenas teñen dificultades de psicomotricidade fina.

-
- No alumnado con dificultades de comprensión lectora será necesario repasar con eles a lectura dos enunciados, para asegurarse de que comprenderon ben a pregunta.
 - Algúns alumnos e alumnas con TEA teñen un alto compoñente de impulsividade, polo que debe insistírselles en que lean as preguntas as veces que sexan necesarias antes de respondelas.
 - Cando se considere necesario, poden acompañarse as preguntas de apoiosvisuais.